

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	de Vilalonga	Sanxenxo	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0460	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	0	53	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CARMEN IGLESIAS TORRES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de transporte e mantemento de vehículos.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analízase o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de electromecánica de vehículos automóbiles en función da súa posible localización.
CA2.6 Analízase o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa electromecánica de vehículos automóbiles e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícanse, en empresas de electromecánica de vehículos automóbiles, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de electromecánica de vehículos automóbiles, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de transporte e mantemento de vehículos.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de electromecánica de vehículos automóbiles tendo en conta a súa localización.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa electromecánica de vehículos automóbiles, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de electromecánica de vehículos automóbiles, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.2 Descríronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

**Crterios de avaliación do currículo**

CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Para que a avaliación do alumno poida ser positiva no módulo este deberá ter superado unha serie de contidos mínimos que serán os seguintes:

1. Valoración da importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
2. Recoñecemento da importancia das ideas emprendedoras dunha determinada idea de negocio, que ha de servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
3. Decisión a partir das ideas emprendedoras dunha determinada idea de negocio, que ha de servir como punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
4. Análise da estrutura dun proxecto empresarial e valoración da súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
5. Valoración da importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
6. Identificación dos principais compoñentes do contorno xeral que rodea á empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
7. Apreciación da influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
8. Determinación dos elementos do contorno xeral e específico dunha pequena e mediana empresa.
9. Definición dos obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
10. Análise dos conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
11. Descrición das actividades e os procesos básicos que se realizan unha empresa do sector.
12. Elaboración dun plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
13. Análise do concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que compren para desenvolver a actividade empresarial.
14. Análise das formas xurídicas da empresa e determinación das vantaxes e desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
15. Determinación do grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
16. Identificación dos trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
17. Análise dos conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
18. Descrición das técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, a liquidez e á rendibilidade da empresa.
19. Formalización da documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio)
20. Elaboración do plan financeiro e análise da viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

A avaliación dos coñecementos da persoa aspirante farase tendo en conta as seguintes actuacións:

A) Parte teórica consistente nunha proba obxectiva con cuestións tipo test e cuestións de resposta verdadeiro - falso, xustificando a resposta, de

non xustificarse a resposta non será cualificada.

Nas cuestións tipo test, todas teñen o mesmo valor, dúas respostas incorrectas anulan unha correcta, e puntúan sobre un total de 8 puntos. E necesario obter un mínimo de 4 puntos nesta actividade para superar a parte teórica.

As cuestións de resposta verdadeiro - falso puntúan sobre un total de 2 puntos, e todas teñen o mesmo valor. E necesario obter un mínimo de 1 punto nesta actividade para superar a parte teórica.

A proba global puntuará sobre un total de 10 puntos, e para superala será necesario acadar unha puntuación mínima de 5. Esta proba ten carácter eliminatorio.

A) Parte práctica consistente na realización de tres actividades:

- Elaboración do resumo executivo dun plan de empresa a partir dunha idea propia da persoa aspirante, no que se recollan os aspectos indicados nos criterios de avaliación 1.7, 2.12, 3.2, 3.9 e 4.5. Esta actividade puntúa sobre un total de 7 puntos. E necesario completar tódolos apartados para que esta proba sexa avaliada e obter 3,5 puntos nesta actividade para superar a parte práctica. No enunciado da proba especificarase o valor de cada apartado do plan.

- Formalización, a partir dos datos indicados nun suposto práctico, dun documento de carácter comercial. Esta actividade puntúa sobre un total de 1 punto, é necesario obter 0'5 puntos nela para superar a parte práctica. O documento debe estar completamente cuberto para ser valorado.

- A partir dos datos patrimoniais dunha empresa, elaboración do balance de situación, análise do equilibrio ou desequilibrio patrimonial, e cálculo de ratios económicos e financeiros. Esta actividade puntúa sobre un total de 2 puntos, é necesario obter 1 punto nela para superar a parte práctica.

A proba global puntuará sobre un total de 10 puntos, e para superala será necesario acadar unha puntuación mínima de 5.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Exame consistente en 64 preguntas tipo test, con catro respostas posibles e unha soa resposta válida, e 10 cuestións de resposta verdadeiro - falso, xustificando a resposta.

Instrumentos necesarios: bolígrafo e calculadora.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Realización de tres actividades:

1. Elaboración do resumo executivo dun Plan de empresa desenvolvido a partir dunha idea de negocio determinada pola persoa aspirante, relacionada coa actividade do ciclo formativo, na que se inclúan os aspectos relativos a:

- Idea e emprendedor: Descrición breve do produto ou servizo que se vai ofrecer. Necesidades que vai cubrir o produto ou servizo e diferenciación respecto do produto da competencia. Datos persoais e profesionais do emprendedor, e motivos. Capacidades e competencias persoais.

- Localización e análise do entorno: Definición do mercado (dimensión, estrutura, tipo de clientes, previsión da súa evolución). Análise da competencia. Análise de provedores. Localización prevista e criterios para a súa elección.

- Organización do proceso produtivo e recursos necesarios: Definición dos elementos a producir (bens e/ou servizos). Fases do proceso. Equipamentos necesarios. Aprovisionamentos.

- Plan de marketing: Política de prezos, promoción e distribución.

- Plan xurídico-formal: Forma xurídica escollida e xustificación. Trámites de constitución e posta en funcionamento.

- Financiamento: Fontes.

2. Formalización, a partir dun suposto práctico indicado, dunha factura.

3. Elaboración do balance patrimonial dunha empresa a partir dos datos proporcionados no exercicio, e en base ao mesmo xustificación da súa situación de equilibrio ou desequilibrio patrimonial. Cálculo, e análise dos resultados, dos seguintes ratios: rentabilidade financeira; liquidez; garantía ou solvencia; calidade da deuda.

Instrumentos necesarios: bolígrafo e calculadora. A factura será formalizada no modelo proporcionado no momento da proba. Terán acceso a Internet para consulta de datos, unicamente para a elaboración do resumo executivo do plan de empresa.